10 O predicado verbal. Os complementos

PLAN DE MELLORA. Ficha 1

Nome _____ Data _____

1 **Escribe debaixo se o complemento subliñado é directo (CD) ou indirecto (CI). Despois, substitúeo por un dos pronomes indicados.**

CD → o, a, os, as CI → lle, lles

- O pai canta cancións ás fillas xemelgas. (CI) ▶ *O pai cánta**lles** cancións.*
- Ana levou o regalo de aniversario á avoa. (CI) ▶ Ana levoulle o regalo de aniversario.
- Non tivo que preguntar o enderezo. (CD) ▶ Non o tivo que preguntar.
- Cando ensinarás as fotos de París? (CD) ▶ Cando as ensinarás?

2 **Arrodea o complemento circunstancial e relaciona. De que tipo é?**

O meu curmán Xoán e os seus pais viven en Muxía.	De lugar.
Iremos visitar a Guillerme pola tarde.	De tempo.
Sabela canta de marabilla calquera canción.	De modo.
A empanada de mexillón gústame moitísimo!	De cantidade.

3 **Analiza o predicado verbal de cada oración seguindo o modelo.**

- P. verbal: Onte (CC Tempo) Mariña pisou (N) lle (CI) un pé (CD) a Tomé (CI). — P. verbal
- P. verbal: Despois (CC Tempo) Antón entregará (Núcleo) o traballo (CD) ao titor (CI). — Predicado verbal
- Predicado verbal: Cun rotulador (CC Instrumento) escribiu (Núcleo) o seu nome (C.D.).
- Predicado verbal: Anxo vive (Núcleo) en Boiro (CC Lugar) cunha tía (CC Compañía).

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

O predicado verbal está formado por un verbo predicativo, que funciona como **núcleo**, e polos seus **complementos**. Os principais complementos verbais son os seguintes:

- O **complemento directo** (CD) nomea o obxecto ou a persoa sobre o que recae a acción verbal.
- O **complemento indirecto** (CI) nomea o destinatario da acción que indican o verbo mais o complemento directo.
- O **complemento circunstancial** (CC) expresa diversas circunstancias da acción verbal: lugar, tempo, modo, causa, cantidade, instrumento, compañía, etc.

Material fotocopiable © 2015 Edicións Obradoiro, S. L. / Santillana Educación, S. L.